



CONCELLO DE REDONDELA

## DEPORTES

IEGL/eba

Asunto: aprobación protocolo para o uso das instalacións deportivas municipais polas entidades deportivas coas medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19

### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Dende o día 11 de marzo de 2020 a Organización Mundial da Saúde elevou a pandemia internacional, a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola COVID-19.

O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, adoptou unha serie de medidas en relación coa limitación da mobilidade das persoas, así como das actividades sociais e económicas do noso país, co fin de contribuír á contención do avance da COVID-19.

O Concello de Redondela no seu ámbito de competencias e territorial, adoptou igualmente as medidas de organización precisas co fin de colaborar na contención da expansión para protexer a saúde da veciñanza.

Tras a aprobación polo Goberno do Estado o 28 de abril de 2020, do Plan de Transición cara a unha nova normalidade, comezou o desenvolvemento das distintas fases de flexibilización das restricións establecidas con motivo da propagación da COVID-19.

O día 8 de xuño de 2020, a Comunidade Autónoma de Galicia pasou a fase III da desescalada, cuxas medidas e restricións se regulan na Orde SND/458/2020, do 30 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 3 do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

No BOE n.º 163, de 10 de xuño de 2020 publicouse o Real decreto-lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, que contén a normativa básica para todo o territorio nacional para regular a nova normalidade, con independencia das competencias asumidas por cada Comunidade Autónoma.

No DOG n.º 115, do día 13 de xuño de 2020, publicouse a Resolución de 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

O artigo 7 de dita resolución determina que ditas medidas terán efecto tras a publicación no Diario Oficial de Galicia do decreto da Presidencia da Xunta de Galicia no que se dispoña formalmente a superación da fase III e, por tanto, a entrada na nova normalidade. Os efectos manteranse ata o levantamento da declaración de situación de emerxencia sanitaria de interese galego.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: AENE9S4QMMND3GXEXKSKS9FZ | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 16



CONCELLO DE REDONDELA

Nos seus artigos 3.20, 3.21, 3.22, 3.23 e 3.24 regula aquelas medidas que son de aplicación no ámbito da actividade física e o deporte.

No DOG n.º 115 bis de 13.06.2020, con efectos dende o 15 de xuño de 2020, publicouse o DECRETO 90/2020, do 13 de xuño, polo que se declara a superación da fase III do Plan para a desescalada das medidas extraordinarias adoptadas para facer fronte á pandemia do COVID-19, aprobado mediante o Acordo do Consello de Ministros do 28 de abril de 2020 e, polo tanto, a entrada na nova normalidade, con efectos desde as 00.00 horas do día 15 de xuño de 2020.

No DOG n.º 120, do 19.06.2020, publicouse a Resolución do 15 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se aproba o protocolo Fisicovid-DxTgalego polo que se establecen as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no ámbito do deporte federado de Galicia.

Esta situación extraordinaria ocasionada pola COVID-19, así como a súa regulación, obriga á que sexa necesario a aplicación dun protocolo básico para o uso das instalacións deportivas municipais.

Con este protocolo preténdese regular a reincorporación á práctica deportiva nas instalacións deportivas municipais adoptando as medidas de prevención e hixiénico-sanitarias necesarias para facer fronte á pandemia provocada pola COVID-19 conforme ao disposto polas autoridades sanitarias e deportivas.

En virtude das competencias que lle outorga o artigo 21.1. da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, esta Alcaldía

RESOLVE,

PRIMEIRO. - Aprobar o Protocolo para o uso das instalacións deportivas municipais polas entidades deportivas coas medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19:

## **“PROTOCOLO PARA O USO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS POLAS ENTIDADES DEPORTIVAS COAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN NECESARIAS PARA FACER FRONTE Á CRISE SANITARIA OCACIONADA POLA COVID-19**

### **INTRODUCCIÓN**

Como consecuencia da situación que se está a vivir, derivada da pandemia provocada polo virus SARS-CoV-2 que ocasiona a COVID-19, decretouse, o 14/03/2020, o estado de alarma (RD 463/2020), e as súas posteriores prórrogas que obrigaron, ao Estado da Nación, á adopción dunha serie de medidas extraordinarias reguladas mediante a oportuna norma xurídica.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: AENE9S4QMMND3GXEKSKS9FZ | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 16



CONCELLO DE REDONDELA

O Consello de Ministros e Ministras do 28/04/2020 acordou o *Plan para la transición a la nueva normalidad* que dispón un proceso de desescalada gradual, asimétrico e coordinado para conseguir que, mantendo como referencia a protección da saúde pública, se recupere paulatinamente a vida cotiá e a actividade económica, minimizando o risco que representa a epidemia para a saúde da poboación.

En cumprimento do citado Plan, o 9 de xuño ditouse o Real decreto-lei 21/2020, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 que, entre outros conforme o disposto no seu artigo 2.2, serán de aplicación naquelas unidades territoriais que superasen a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Así pois, a Xunta de Galicia, mediante acordo do seu Consello, aprobou, con data 12 de xuño, as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III, e que nos seus artigos 3.20, 3.21, 3.22, 3.23 e 3.24 regula aquelas medidas que son de aplicación no ámbito da actividade física e o deporte.

Esta situación extraordinaria, así como a súa regulación, obriga á que para unha reactivación da actividade nas instalacións deportivas municipais que respecte o promulgado deber xeral de cautela e protección da saúde mentres perdure a crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, fai obrigatoria a aplicación dun protocolo básico para o uso das instalacións deportivas municipais.

Con este protocolo preténdese, por un lado, dar os primeiros pasos para unha volta á normalidade no ámbito do deporte federado no Concello de Redondela, pero sempre garantindo a saúde e seguridade das persoas deportistas e traballadoras, a máxima cautela que se require polas autoridades sanitarias.

A reactivación da actividade deportiva nas instalacións deportivas só poderán acadar o éxito esperado e a relativa normalidade coa máxima corresponsabilidade de todos os axentes implicados (directivos/as, deportistas, técnicas/os, persoal municipal etc.) no cumprimento das normas xerais impostas polas autoridades sanitarias (distancia de seguridade interpersonal e o uso de máscaras).

O presente documento terá un carácter dinámico; de tal xeito, estará en constante revisión para poder adaptarse de xeito rápido a cada un dos momentos que se están a vivir, e das directrices fixadas polas autoridades, principalmente, sanitarias.

O presente protocolo ten un carácter complementario e subordinado as esixencias e pautas establecidas polas autoridades sanitarias e deportivas en cada momento.

## **OBXECTO**

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tif. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: AENE9S4QMMND3GXEXKSKS19F2 | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 16



CONCELLO DE REDONDELA

Este documento pretende a reincorporación á práctica deportiva nas instalacións deportivas municipais adoptando as medidas de prevención e hixiénico-sanitarias necesarias para facer fronte á pandemia provocada pola COVID-19 conforme ao disposto polas autoridades sanitarias e deportivas.

## **ÁMBITO DE APLICACIÓN**

Aquelas instalacións que están xestionadas directamente pola Concellería de Deportes, e que se detallan a continuación:

- Pavillón Municipal de Redondela
- Pavillón Municipal da Marisma
- Complexo Deportivo Santa Mariña
- Pavillón Municipal de Reboreda
- Pavillón Municipal de Cabeiro
- Pavillón Municipal de Chapela “Manuel González Soto”

As actividades que se poden desenvolver nas instalacións deportivas son aquelas reguladas no presente documento e que, previamente, sexan autorizadas pola Concellería de Deportes. As persoas usuarias, de maneira individual ou colectiva, deberán pertencer á entidade deportiva solicitante, con licenza federativa en vigor, ou seguro de accidentes substitutivo, que se atopen libres dalgunha sintomatoloxía, sendo responsabilidade exclusiva das entidades deportivas o seu cumprimento e control.

## **LEXISLACIÓN E NORMATIVA DE OBRIGADO CUMPRIMENTO**

- Lei 3/2012, galega do deporte.
- Resolución do 13 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. DOG Núm. 50-Bis, do 13/03/2020.
- Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. BOE Núm. 67, do 14/03/2020.
- Real decreto-lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. BOE Núm. 163, do 10/06/2020.
- Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova





normalidade. DOG Núm. 115, do 13/06/2020.

- Resolución do 15 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se aproba o protocolo Fisicovid-DxTgalego polo que se establecen as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no ámbito do deporte federado de Galicia. DOG Núm. 120, do 19/06/2020.
- Resolución do 25 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 25 de xuño de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do 12 de xuño de 2020. DOG Núm. 126, do 27/06/2020.
- Resolución do 17 de xullo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 17 de xullo de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020. DOG Núm. 143, do 18/07/2020.
- Orde do 27 de agosto de 2020 sobre modificación de determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020. DOG Núm. 174, do 28/08/2020.
- Orde do 9 de setembro de 2020 sobre modificación de determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020. DOG Núm. 183-Bis, do 09/09/2020.
- Orde do 17 de setembro de 2020 sobre modificación de determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020. DOG Núm. 190, do 18/09/2020.
- Orde do 30 de setembro de 2020 sobre modificación de determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020. DOG Núm. 198-Bis, do 30/09/2020.
- O protocolo de cada federación deportiva.
- Demais normativa aplicable.

## **NORMAS XERAIS DO PROTOCOLO**

O presente protocolo, que será plenamente vinculante, é de obrigado cumprimento por parte das entidades deportivas usuarias da instalación baixo a súa exclusiva responsabilidade, e serán as responsables do cumprimento por parte das persoas que o integran (deportistas, adestradores/as, coordinadores/as, delegados/as etc.); sen prexuízo das





CONCELLO DE REDONDELA

normas que se publique por parte da autoridade competente durante o transcurso da pandemia.

Deberase seguir, en todo momento, as indicacións da Concellería de Deportes, e, en especial, do conserxe de servizo na instalación, no caso de habelo.

O protocolo será de obrigado cumprimento nas seguintes actividades deportivas que se podan desenvolver nas instalacións deportivas municipais, en cada fase do proceso de reactivación do deporte federado do municipio:

- Adestramentos ou actividades semellantes.
- Competicións oficiais.
- Eventos deportivos.
- Outros.

Previo ao inicio da actividade, as federación deportivas galegas correspondentes ás modalidades que pretendan desenvolver as entidades deportivas nas instalacións municipais, deberán dispor dun protocolo, previamente aprobado mediante resolución da Secretaría Xeral para o Deporte, no que se identifiquen as situacións potenciais de contaxio, atendendo ás vías recoñecidas polas autoridades sanitarias, e no que se establezan as medidas de tratamento de risco de contaxio adaptadas á casuística. O protocolo FISICOVID da ou das modalidades deportivas será, xunto con este protocolo, e o protocolo FISICOVID-DXTGALEGO da Secretaría Xeral para o Deporte de obrigado cumprimento pola entidade usuaria das instalacións.

As actividades deportivas que se poden desenvolver nas instalacións municipais virán determinadas, pola situación das fases que en cada momento determinen as autoridades sanitarias.

A entidade deportiva usuaria da instalación responsabilízase, ademais, do cumprimento do presente protocolo, das indicacións do persoal municipal e da distinta normativa, en especial das seguintes:

- Protocolo FISICOVID-DXTGALEGO da SXD.
- Protocolo FISICOVID da correspondente federación deportiva.

Para o uso da instalación, e previo á autorización municipal preceptiva, a entidade deportiva deberá facer unha solicitude, achegando un documento no que declare e poña de manifesto o seguinte:

- O coñecemento da normativa en vigor que afecta á actividade a desenvolver na instalación deportiva municipal, e o seu estrito cumprimento por parte de todos e cada un dos integrantes da entidade.
- O coñecemento do protocolo de uso da instalación deportiva municipal, e a súa aceptación expresa. Así como calquera indicación que reciba directamente do persoal da Concellería de Deportes, e en especial, do de control e vixilancia da instalación, no caso de habelo.
- O coñecemento das circunstancias excepcionais actuais, os protocolos e

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tif. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: AENE9S54QMMND3GXEKSKM9F2 | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 16



CONCELLO DE REDONDELA

as normas establecidas para garantir a saúde e seguridade de todas as persoas participantes antes, durante e con posterioridade á actividade a desenvolver na instalación. En especial, o coñecemento, aceptación e cumprimento do protocolo FISICOVID-DXTGALEGO da SXD e o protocolo FISICOVID da correspondente federación deportiva.

- Eximir, expresamente, ao Concello de Redondela de calquera responsabilidade que traia causa da situación sanitaria existente.

Xunto coa solicitude, ao inicio da actividade, deberase achegar o protocolo FISICOVID da federación deportiva responsable da modalidade deportiva/as que desenvolva a entidade solicitante, previamente aprobado pola SXD, ou informar do enderezo electrónico da páxina web federativa onde se atopa o citado protocolo e a súa aprobación pola SXD.

Ao inicio da actividade, a entidade deportiva deberá notificar a persoa que exercerá de coordinadora da entidade deportiva, e que será a responsable da entidade de aplicación dos respectivos protocolos e normas, e que será o única interlocutora ante a Concellería de Deportes.

As entidades deportivas usuarias designarán un responsable técnico encargado de cada grupo de adestramento que velará polo cumprimento do protocolo establecido neste documento, e responderá ante o Concello durante o momento de desenvolvemento da actividade na instalación. Debendo acatar as indicacións que, en cada momento, se dean polo persoal municipal responsable da instalación, no caso de habelo.

A entidade deportiva deberá velar e responsabilizarse para que non poidan acceder a instalación as persoas deportistas positivas en COVID-19, aínda que sexan asintomáticas, así como aquelas non diagnosticadas pero que teñan algún síntoma.

A entidade deportiva deberá responsabilizarse de que as persoas dependentes delas, con acceso ás instalacións deportivas, teñen un control da temperatura corporal previa ao inicio da actividade, ben antes de iniciar o desprazamento a instalación, ben antes de acceder a instalación. Este control realizarase tendo en conta o establecido especificamente no protocolo de cada federación.

O persoal da entidade deportiva deberá utilizar os elementos de protección que en cada momento veñan determinados polas distintas normas. En especial o uso de máscaras.

As distintas persoas integrantes da entidade deportiva teñen unha responsabilidade para si e para cos demais, polo que deberán seguir coa máxima responsabilidade e cautela as normas hixiénico-sanitarias dispostas polas autoridades sanitarias, e en especial:

- O distanciamento físico mínimo (1,5 metros). Procurarase unha distancia física superior na realización de actividades deportivas tales como correr.
- O constante lavado de mans seguindo as indicacións dispostas polas autoridades sanitarias.
- O uso de máscara en instalacións pechadas agás para o disposto polas

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tif. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: AENE9S4QMMND3GXEXKSKSM9F2 | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 16



CONCELLO DE REDONDELA

autoridades sanitarias.

- Desinfección ao finalizar a actividade de todo o material deportivo utilizado, tanto persoal como propio da instalación.

Nas instalacións deportivas só poderán acceder os e as deportistas e o cadro técnico mínimo necesario para o desenvolvemento da actividade, e a persoa responsable/coordinadora do club e a persoa que, de ser o caso, exerza de xefa médica. Agás aquelas competicións que se poidan desenvolver coa presenza de seareiros e seareiras.

O incumprimento do establecido neste protocolo dará lugar ao correspondente apercibimento e, se for o caso, á pertinente sanción.

### **NORMAS XERAIS DO USO DAS INSTALACIÓNS**

O uso das instalacións deportivas estará limitado á capacidade que, en cada intre, se determine polo Servizo de Deportes e que nunca superará o disposto polas autoridades competentes, que inicialmente está en 25 persoas máximo (incluído o corpo técnico), sen superar os 2/3 da capacidade.

Só está permitido o acceso ás instalacións deportivas a aquelas persoas previamente designadas pola entidade deportiva e que son imprescindibles para o desenvolvemento da actividade. Non se permite o acceso de persoas alleas a actividade, así como acompañantes (amigos/os, parentes etc).

O acceso e saída das instalacións será exclusivamente por aquelas entradas/saídas designadas en cada instalación.

Os equipos de categoría base accederán á instalación todos xuntos e acompañados pola persoa designada pola entidade como responsable do grupo.

Tanto no axuntamento fóra da instalación, como no acceso á mesma, deberase gardar a distancia interpersoal de seguridade fixada polas autoridades sanitarias (1,5 metros).

Respectaranse, en todo intre, os horarios e espazos deportivos asignados.

Deberán limparse as mans coas solucións hidroalcohólicas antes de entrar en cada instalación.

Unha vez na instalación deberanse seguir os itinerarios marcados e/ou dispostos polo persoal da instalación, mantendo, en todo intre, a distancia interpersoal de seguridade: 1,5 metros.

Evitarase tocar calquera superficie da instalación que non sexa imprescindible para o desenvolvemento do adestramento.

As persoas integrantes da entidade deportiva, que accedan ás instalacións, virán provistas de máscara hixiénica ou cirúrxica, que será obrigatoria en todo momento, agás para práctica de actividades físicas e deportes que o







teñan autorizado polas autoridades sanitarias.

As persoas participantes na actividade a desenvolver na instalación virán vestidas coa roupa que utilizarán durante o adestramento, inicialmente. Non se permite o uso de vestiarios sen autorización da Concellería de Deportes.

De levar obxectos persoais á instalación, estes deberanse deixar, durante a práctica da actividade, recollidos nunha bolsa de propiedade do participante nas zonas indicadas para tal fin. A Concellería de Deportes non se fai responsable da custodia dos mesmos.

Na mesma zona asignada para o depósito dos obxectos persoais, deberanse mudar, obrigatoriamente, o calzado da rúa por un específico para a práctica deportiva. No caso de que se permita usar os vestiarios, este proceso desenvolverase neles.

Unha vez no interior, e cambiado o calzado da rúa por un específico para a actividade, deberase ir directamente ao espazo deportivo asignado (pistas, ximnasio, sala...).

En cada instalación, só se autoriza o desenvolvemento de actividades propias da modalidade deportivas para a que foi autorizada a entidade.

O uso de máscara é obrigatorio durante todo o tempo de permanenza na instalación, agás para as persoas que o teñan autorizado polas autoridades sanitarias. Para os membros do cadro técnico e demais persoal de apoio é obrigatorio o seu uso sempre.

O horario asignado deberá cumprirse rigorosamente, non podendo atrasarse nin excederse en ningún intre nas franxas asignadas de tempo, nin ocupar espazos distintos aos solicitados. Prégase ás entidades deportivas a máxima puntualidade para cumprir co tempo do que dispoñen, tanto por perigo de provocar afluencia e demoras na entrada, como por respecto aos seguintes grupos usuarios e ao propio cadro de persoal do centro.

O uso do ascensor limitarase ao mínimo imprescindible e utilizarase preferentemente as escaleiras. Cando sexa necesario utilízalo, a ocupación máxima dos mesmos será dunha persoa, salvo que sexa posible garantir a separación de dous metros entre elas, ou naqueles casos de persoas que poidan precisar asistencia, en cuxo caso tamén se permitirá a utilización polo seu acompañante.

Non se poderán facer xuntanzas/reunións en ningún lugar da instalación deportiva, agás aquelas previamente autorizadas polo Servizo de Deportes. As reunións técnicas de traballo (visionado de vídeos), previamente autorizadas, poderanse desenvolver cun máximo de 25 participantes ou a capacidade designada pola Concellería de Deportes para cada estancia. Sempre se deberá gardar a correspondente distancia de seguridade (1,5 metros) e o uso de medidas de protección necesarias, con utilización obrigatoria de máscara hixiénica ou cirúrxica.

A entidade deportiva deberá ter, entre os seus aparellos de traballo, polo





CONCELLO DE REDONDELA

menos, solución hidroalcohólica suficiente para o grupo que está desenvolvendo a actividade e produto desinfectante autorizado polo Ministerio de Sanidade para desinfectar o material propio da entidade (balóns, picas, cintas etc.) segundo dispoña o protocolo FISICOVID da federación correspondente.

Evitar, na medida do posible, o uso de materiais compartidos durante a actividade. Se isto non for posible, garantirase consonte o establecido no parágrafo anterior a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado por parte das persoas participantes e estableceranse os mecanismos de desinfección correspondentes.

É obrigatoria para a entidade deportiva usuaria, a desinfección de calquera material utilizado para o adestramento/actividade deportiva, tras cada sesión.

Os pavimentos deportivos, agás os tapices de herba sintética, serán desinfectados entre cada un dos usos que estean programados. Este traballo estará coordinado por un responsable do club.

As persoas da entidade deportiva non poderán compartir bebidas ou similares e deberán ter o nome de cada un para evitar confusións. No caso de que se deixen nas instalacións, procederase á súa retirada e refugallo.

Non se permite o consumo de alimentos dentro das instalacións.

O lixo xerado (botellas de auga, papeis, esparadrapos etc.) tanto nos adestramentos como nas competicións deberán ser depositados nas papeleiras. As botellas de auga ou outras bebidas deberán ser baleiradas antes de depositar nas papeleiras. Os clubs serán os responsables de velar polo correcto cumprimento desta norma.

Non se permite deixar ningún material persoal ou de adestramento en ningunha das salas ou instalacións non habilitadas ao respecto. De ser así procederase á súa retirada e refugallo.

Nas instalacións deportivas non está permitido o uso das bancadas, agás naquelas actividades, previamente autorizadas, que contén coa participación de seareiros e seareiras.

Nas sesións de adestramento deberanse manter os grupos de traballo estables durante a sesión e tamén se procurarán manter durante toda a semana de adestramentos: mesmas parellas ou grupos para os exercicios co obxectivo de reducir o número de contactos. Anotando os nomes e as rotacións ou cambios en cada sesión.

As sesións de adestramento deberán deseñarse tendo en conta o menor nivel de risco posible de contaxio, adaptando as actividades ás medidas e recomendacións marcadas polas autoridades sanitarias (distanciamento interpersoal, emprego de máscara, etc.) e suprimindo aquelas que promoven o contacto físico, primando as que poden levarse a cabo dun xeito máis individual ou con maior distanciamento, dispoñendo os medios





CONCELLO DE REDONDELA

suficientes para controlar os factores chave a considerar no adestramento como máis importantes para valorar o risco:

- A característica da instalación deportiva: aberta ou pechada.
- O tamaño do espazo deportivo que determina o espazo de xogo de cada xogador ou xogadora.
- A duración dos exercicios que compoñen a sesión.

## **NORMAS ESPECÍFICAS DE USO DOS VESTIARIOS**

Inicialmente non está autorizado o uso dos vestiarios. Só poderán utilizar os vestiarios os equipos autorizados pola Concellería de deportes.

Os vestiarios asignados a cada grupo dos equipos usuarios deberán ser, na medida do posible, utilizados sempre polas mesmas persoas do grupo de tal xeito que se poida facer un seguimento correcto do seu uso.

Os equipos, despois de cada adestramento deberán deixar cuberta e gardada unha lista correspondente coa distribución que tiveron nos vestiarios.

Non está permitido realizar ningunha outra actividade distinta da propia dun vestiario (cambiarse a roupa e hixiene persoal).

Desbotar os panos ou calquera material desbotable nas papeleiras instaladas.

Non está permitido beber das billas dos vestiarios.

É obrigatorio o uso de chanclas nos vestiarios e duchas.

O uso de máscara é obrigatorio durante todo o tempo que permaneza na instalación, agás cando se esté duchando ou para as persoas que o teñan autorizado polas autoridades sanitarias.

Recoméndase que os pequenos grupos que se formen para o uso dos vestiarios sexan os mesmos en todas as sesións, respectando o aforo máximo permitido establecido pola Concellería de Deportes para facilitar, se for o caso, a trazabilidade dos posible contaxios da COVID-19.

## **NORMAS ESPECÍFICAS DE USO DOS ASEOS**

Recoméndase na medida do posible non usar os aseos públicos se non é absolutamente imprescindible.

A ocupación máxima será dunha persoa agás naqueles supostos de persoas que poidan precisar asistencia, en cuxo caso tamén se permitirá a utilización polo seu acompañante.

O uso de máscara é obrigatorio durante todo o tempo que permaneza na instalación, agás para as persoas que o teñan autorizado polas autoridades sanitarias.





Non se poderán utilizar para outro fin que o propio e polo tempo imprescindible.

Antes do acceso deberase facer unha correcta limpeza de mans con xabón, ao igual que de regreso ao espazo deportivo.

Desbotar os panos ou calquera material desbotable nas papeleiras instaladas.

Non está permitido beber das billas.

### **NORMAS ESPECÍFICAS DE USO DE SALAS E XIMNASIOS**

Só poderán facer uso das salas e ximnasios as entidades que previamente o teñan asignado.

Deberase respectar, en todo intre, a capacidade máxima disposta pola Concellería de Deportes.

O uso de máscara é obrigatorio durante todo o tempo que permaneza na instalación, agás para as persoas que o teñan autorizado polas autoridades sanitarias.

Para acceder e saír do ximnasio será obrigatorio limpar as mans con solución hidroalcohólica nos dispensadores instalados para tal efecto.

Para o uso do ximnasio cada deportista deberá utilizar dúas toallas: unha para interpoñer entre o corpo e as máquinas, colchonetas/esteiras ou chan, e a outra para o secado da suor.

No ximnasio non se poderán usar máquinas cunha distancia mínima entre posto de un metro e medio (1,5 metros). Para isto, deberase estruturar a sesión e o grupo de tal xeito que se cumpra esta medida.

Queda prohibido o uso daquelas máquinas que teña o cartel “fóra de uso/servizo”.

Antes da utilización de cada máquina, a persoa usuaria está obrigada a desinfectala.

Unha vez finalizada a actividade, será obrigatorio e responsabilidade da entidade deportiva a desinfección do equipamento e material utilizado polos seus deportistas.

### **NORMAS ESPECÍFICAS PARA O ACCESO DE PÚBLICO ÁS INSTALACIÓNS**

Con carácter xeral, está prohibido o acceso de público e/ou acompañantes ás instalacións deportivas. Coa excepción daquelas actividades (competición e/ou eventos) que se autoricen pola Concellería de Deportes coa presenza de seareiros e seareiras.





CONCELLO DE REDONDELA

Para isto, estarase a disposición, en cada intre, das autoridades sanitarias e das normas específicas que se diten.

Inicialmente as normas serán:

- Capacidade limitada ao disposto na autorización da actividade pola Concellería de Deportes.
- Responsabilidade da entidade deportiva do cumprimento da normativa en canto a capacidade, control do mesmo, e respecto das medidas de seguridade dispostas, con especial atención á distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros.
- A entidade deportiva levará un rexistro cos datos das persoas asistentes para facilitar, se for o caso, a trazabilidade dos posibles contaxios da COVID-19 polas autoridades sanitarias e comunicarllo á Concellería de Deportes.
- Obrigatoriedade de uso de máscara en todo o momento que se permaneza nas instalacións, tanto pechadas como abertas.
- O público, durante a competición, deberá permanecer sentado. Non están permitidas as localidades de pé.
- Non está permitido o consumo de alimentos nas instalacións deportivas.

## **MEDIDAS DE SEGUIMIENTO DE SINTOMATOLOGÍA COVID-19**

Con carácter xeral, as persoas integrantes da entidade deportiva e demais persoal que acceda ás instalacións deportivas, realizarase un autotest antes de ir cara á actividade deportiva, para confirmar se pode ter síntomas de COVID-19: febre, tose, falta de alento, etc.

No caso de que unha persoa da entidade deportiva con acceso as instalacións deportivas municipais teña sintomatoloxía do virus COVID-19, deberá informar de xeito inmediato ao responsable da entidade deportiva e esta ao servizo galego de saúde (teléfono 900400116) para iniciar o protocolo previsto pola Consellería de Sanidade (<https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Documents/203/Decalogo.pdf>).

Neste senso considérase sintomatoloxía do virus COVID-19 un cadro clínico de infección respiratoria aguda (IRA) de aparición súbita e de calquera gravidade, incluíndo febre, tose ou falta de alento, entre outros.

Ante a presenza doutros síntomas atípicos como a odinofaxia (dor de garganta agudo), anosmia (perdida de olfato), axeusia (alteración do sentido do gusto), dores musculares, entre outros, é importante buscar outros indicios adicionais que apoién a sospeita da infección. Será o xuízo clínico do profesional o que determine a realización de probas complementarias.

En caso de detección dun caso sospeitoso por COVID-19 no contorno da práctica deportiva, deberanse seguir as pautas determinadas polas autoridades sanitarias e informar á Concellería de Deportes.

A persoa afectada retirarase do grupo e conducirase a outro espazo, facilitándolle unha máscara cirúrxica. Este espazo deberá ser elixido previamente e debería contar con ventilación adecuada e unha papeleira de pedal con bolsa onde tirar a máscara e os panos que se poidan desbotar.





CONCELLO DE REDONDELA

Contactarase co centro de saúde correspondente á persoa ou co teléfono de referencia (900 400 116) e seguirán as súas instrucións. Se se percibir gravidade, chamarase o 061. Haberá que realizar unha boa ventilación, limpeza e desinfección deste espazo e do resto das estancias onde estiver a persoa, acorde á situación do risco. Será preciso tamén illar o/a contedor/papeleira onde se depositasen os panos ou outros produtos usados. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito no lugar onde se determine.

En todo caso, seguiranse en todo momento as recomendacións das autoridades sanitarias.

Con carácter específico estarase ao disposto polas autoridades sanitarias con relación aos tratamentos de masaxe ou fisioterapias e análogas nas instalacións deportivas.

A entidade deportiva, por medio da persoa coordinadora ou persoal técnico responsable do grupo e, sempre, previo ao inicio de cada sesión, deberá realizar un rexistro co nome e apelidos das persoas da entidade que asistirán ao adestramento, o seu número de identificación persoal (DNI), e, se for o caso, a distribución das persoas participantes nos vestiarios asignados, para, se procedera, facilitar a trazabilidade dos posibles contaxios da COVID-19 polas autoridades sanitarias e comunicarllo á Concellería de Deportes.

Unha vez finalizada a actividade deberase informar á Concellería de Deportes de calquera circunstancia xurdida ao longo da actividade susceptible de ter en conta por mor da extraordinaria situación sanitaria: abandono anticipada da actividade, síntomas de posible enfermidade etc.

**DECLARACIÓN RESPONSABLE E ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN E DE INFORMACIÓN SOBRE A COVID-19 NA VOLTA AOS ADESTRAMENTOS E COMPETICIÓNS DA ENTIDADE DEPORTIVA**

D/D.<sup>a</sup> .....con  
NIF.....en representación da entidade  
.....con CIF.....

**SOLICITO** que a entidade que represento poida desenvolver os seus adestramentos nas instalacións deportivas municipais que se lle asignen en función da solicitude, tendo en conta a disposición organizativa da Concellería de Deportes. Para isto, lin con detalle a información proporcionada polo Concello de Redondela e acepto as condicións de participación adoptando as medidas oportunas e necesarias,

**DECLARO RESPONSABLEMENTE**

- Que a entidade que represento coñece a normativa en vigor que afecta á actividade a desenvolver na instalación deportiva municipal, e comprométese no estrito cumprimento da mesma por parte de todas e cada unha das persoas

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: AENE9S4QMMND3GXEKSKSM9F2 | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 16



CONCELLO DE REDONDELA

integrantes da entidade.

- Que a entidade que represento coñece o protocolo básico de actuación para o uso das instalacións deportivas municipais, e a súa aceptación expresa. Así como calquera indicación que reciba da Concellería de Deportes e do seu persoal.
- Que a entidade que represento coñece as circunstancias excepcionais actuais, os protocolos e as normas establecidas para garantir a saúde e seguridade de todas as persoas participantes antes, durante e con posterioridade á actividade a desenvolver na instalación. En especial o coñecemento, aceptación e cumprimento do protocolo FISICOVID-DXTGALEGO da Secretaría Xeral para o Deporte, e o protocolo FISICOVID da correspondente federación deportiva (de estar aprobado).
- Que a entidade que represento exige, expresamente, ao Concello de Redondela de calquera responsabilidade que traia causa da situación sanitaria existente.
- Que a entidade que represento dispón das declaracións responsables, aceptacións e compromisos individuais de cada un dos membros da entidade que participarán na actividade nas instalacións deportivas municipais.

Pola mesma, noméase persoa coordinadora responsable da entidade deportiva para os efectos do disposto no protocolo básico de actuación para o uso das instalacións deportivas \_\_\_\_\_ municipais, \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ D./D.<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ con NIF.....

Redondela, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo:

**DECLARACIÓN RESPONSABLE E ACEPTACIÓN DE CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN E DE INFORMACIÓN SOBRE A COVID-19 NA VOLTA AOS ADESTRAMENTOS E COMPETICIÓN DOS PARTICIPANTES NA ENTIDADE DEPORTIVA**

D./D.<sup>a</sup> .....con NIF .....actuando en nome propio, ou como pai/nai/titor do interesado/a (menor de idade) (se for o caso, datos do menor de idade)  
 D./D.<sup>a</sup> .....con NIF .....

para a actividade de volta aos adestramentos e competicións organizada pola entidade deportiva ..... para a tempada 2020-2021.

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CONDICIÓN DE SAÚDE**

- Declaro non estar diagnosticado/a de Covid-19, e non presentar sintomatoloxía asociada a este virus (tose, febre, dificultade ao respirar etc.) nin se me presentaron nos 14 días previos á data de entrada nesta actividade e non padezo ningunha outra enfermidade contaxiosa.
- Declaro que non convivo con ninguén afectado pola Covid-19 nin estiven en contacto estreito nin compartín espazo sen gardar a distancia interpersoal

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tif. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: AENE9S54QMMND3GXEXKSKSM9F2 | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 16

cunha persoa afectada pola Covid-19, nos 14 días previos á entrada nesta actividade.

- Comprométome a notificar inmediatamente á entidade deportiva calquera problema de saúde vinculado á COVID-19 durante o transcurso da actividade.
- Declaro, no caso de pertencer a un grupo vulnerable fronte á Covid-19, que son consciente de que tras unha infección por este virus, as manifestacións da enfermidade poden ser máis severas que noutras persoas de grupos non considerados vulnerables. (PERSONA VULNERABLE: persoa con enfermidade cardiovascular, incluída hipertensión, enfermidade pulmonar crónica, diábetes, insuficiencia renal crónica, inmunodepresión, cancro en fase de tratamento activo, enfermidade hepática crónica severa, obesidade mórbida (IMC>40), embarazo e maiores de 60 anos.)
- ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNIS PERSOAIS DE HIXIENE E PREVENCIÓN FRONTE Á COVID-19:
  - Lin, acepto e comprométome a manter as condicións de hixiene e prevención nas que se vai desenvolver a actividade.
- DECLARACIÓN DE LER E ACEPTAR A INFORMACIÓN PROPORCIONADA POLO CLUB SOBRE A ADAPTACIÓN DA ACTIVIDADE Á COVID-19:
  - Declaro que recibín e lin o protocolo básico de actuación para o uso das instalacións deportivas municipais do Concello de Redondela e que, polo tanto, teño coñecemento pleno e estou de acordo coas medidas e procedementos que propón.
  - Declaro que recibín e lin as medidas de prevención dispostas polo club e protocolo FISICOVID da Federación Galega.

Redondela, de de

Asdo.:"

SEGUNDO. - O presente protocolo entra en vigor no mesmo da súa aprobación e será obxecto das correspondentes modificacións adaptándose á normativa vixente en cada momento aprobada polas autoridades sanitarias e deportivas competentes.

TERCEIRO.- Dar publicidade á presente resolución co fin de poñela en coñecemento das entidades deportivas, persoas usuarias das instalacións deportivas municipais e da veciñanza en xeral.

(Documento datado e asinado electronicamente na marxe)

